

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 8 de maio de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día oito de maio de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(567).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(568).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES NO AUDITORIO MUNICIPAL DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 6016/335.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico do 24/04/15 e de fiscalización do 07/05, dáse conta do informe-proposta de data 27/04/15, da xefa do servizo de Festas conformado polo xefe de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 17 de marzo de 2015, o concelleiro delegado de Cultura, Festas e Museos acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades no auditorio municipal (expte. 6016/335).

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Resolución do Concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos, de data 17 de marzo de 2015, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- Informe xustificativo da necesidade do contrato, de 17 de marzo de 2015, asinada pola xefa do Servizo de Festas e polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural.*
- Memoria xustificativa do contrato, de 24 de marzo de 2015, asinada pola xefa do Servizo de Festas, polo xefe de Xestión e Promoción cultural e polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.*
- Prego de prescricións técnicas, de 24 de marzo de 2015, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo xefe de Xestión e Promoción cultural*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, redactado pola xefa da Oficina de Contratación, de 25 de marzo e corrixido o 14 de abril de 2015 a petición da Asesoría xurídica.*
- Informe xurídico favorábel ao expediente de contratación, de data 14 de abril de 2015, asinado pola titular de Asesoría xurídica.*
- Documento contábel de retención de crédito nº 201500019506, por importe de 54.554,70 euros.*
- Informe de fiscalización de Intervención xeral de data 22 de abril de 2015.*
- Prego de prescricións técnicas corrixido, de 23 de abril de 2015, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo xefe de Xestión e Promoción cultural*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto corrixido, redactado pola xefa da Oficina de Contratación, o 23 de abril de 2015.*
- Informe xurídico favorábel ao expediente de contratación, de data 24 de abril de 2015, asinado pola titular de Asesoría xurídica.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do Real decreto lexislativo 3/2011, iníciarase polo Órgano de Contratación; no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada polo Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014 nos concelleiros de Área. A través da resolución de data 17 de marzo de 2015, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos autorizou o inicio de este expediente de contratación.

Segundo: No expediente constan, tal e como prevé o artigo 109.3 do Real decreto lexislativo 3/2011, o prego de prescricións técnicas redactado pola xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o aberto, definido como procedemento ordinario de contratación no artigo 138.2 do Real decreto lexislativo 3/2011.

Cuarto: En cumprimento do disposto no artigo 113 do Real decreto lexislativo 781/1986, no artigo 318.2 da Lei de Galicia 5/1997, na disposición adicional 8ª da Lei 57/2003 e na disposición adicional 2ª.8 do Real decreto lexislativo 3/2011, emitíronse pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, con datas 14 e 24 de abril de 2015, informes favorábeis ao expediente de contratación devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares visado de conformidade.

Quinto: No artigo 109.3 do Real decreto lexislativo 3/2011 establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente. En resposta á necesidade de crédito, o Servizo de Festas solicitou á Intervención Xeral unha retención de crédito que atendería o obxecto deste contrato, polo que se procedeu a unha retención de 54.554,70 euros co nº 201500019506.

Sexto: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional 2ª.3 do Real decreto lexislativo 3/2011. A resolución, segundo o artigo 110.1 do Real decreto lexislativo 3/2011, deberá ser motivada, aprobará o expediente de contratación, disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

Sétimo: O contrato considérase como de servizos, conforme ao artigo 10 do Real decreto lexislativo 3/2011.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar un gasto de 90.153,51 euros, IVE incluído, para a contratación do servizo de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades no Auditorio municipal da Casa do Concello, que se imputarán á aplicación presupostaria 3331.227.9907 da seguinte forma: 45.076,75 euros con cargo ao exercicio presupostario 2015 e 45.076,75 euros con cargo ao exercicio presupostario 2016.

2º.- Aprobar o expediente de contratación 6016/335 do servizo de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades no auditorio municipal, así como o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares, ambos de data 23/04/2015 e que se inclúen no expediente.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(569).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA PLA DINAMIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADES FÍSICAS PARA PERSOAS MAIORES A TRAVÉS DO CACHIBOLL – ANO 2015. EXPTE. 13983/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/04/15 e de fiscalización do 27/04/15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 13983/333 polo cal se propón a adxudicación directa dunha subvención a Agrupación Xogara, pola dinamización dun programa de dinamización de Actividad Física para persoas maiores a través do Cachibol, e tendo en conta o informe emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 27 de abril de 2015, procédese á modificación da proposta de resolución atendendo á observación realizada no citado informe de fiscalización en referencia ó período de vixencia do convenio:

Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da entidade Agrupación Deportiva Xogara polo desenvolvemento do seu proxecto de dinamización dun programa de actividade física para persoas maiores a través do cachibol na cidade de vigo no ano 2015.

A Agrupación Deportiva Xogara, dinamiza un programa de actividade físico-deportiva encamiñado a atender as demandas do colectivo de persoas maiores de Vigo co obxectivo básico de colaborar no proceso dun envellecemento activo, que resitúe a este sector da cidadanía no establecemento de novas metas vitais.

Este programa pretende crear un entorno de participación activa que favoreza un mantemento e mellora das condicións de vida do colectivo de persoas maiores a través dunha actividade físico-deportiva moi concreta, o cachibol.

“A Organización Mundial da Saúde” define o envellecemento activo como o proceso no cal se optimizan as oportunidades de saúde, participación e seguridade a fin de mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen. O envellecemento activo permite que as persoas realicen o seu potencial de benestar físico, social e céntrase nas persoas maiores e na importancia de dar unha imaxe pública positiva deste colectivo.

O envellecemento activo a través da actividade físico-deportiva pretende mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen, favorecendo as súas oportunidades de desenvolvemento para unha vida saudable, participativa e segura. O envellecemento activo implica entender esta etapa da vida como un ciclo máis de crecemento persoal, engadindo “vida aos anos e non soamente anos á vida”.

Para o desenvolvemento destes principios, a Agrupación Deportiva Xogara dinamiza o Programa de Cachibol para persoas maiores da cidade de Vigo”, que aporta a este colectivo numerosos beneficios:

Beneficios máis importantes:

De carácter preventivo. A súa práctica favorece a diminución das patoloxías comúns a este grupo de poboación, favorecendo a diminución da obesidade, reducindo atrofas así como a velocidade de descalcificación, mellorando a contracción cardíaca, a mobilidade articular, reforzando a actividade intelectual e é un bo medio para potenciar a integración social e a ocupación racional do tempo libre.

A saúde non só é ausencia de enfermidade senón algo máis activo e que depende cada vez máis dos individuos (os seus coñecementos e hábitos de vida) que dos sistemas médico-sanitarios.

Influencia positiva no comportamento das persoas, contribuíndo a mellorar os niveis de vida ante situacións de tensións, ansiedade, alteracións emocionais, frustracións etc.

Mellora das condicións psíquicas e sociais, motivación, autoconfianza, actitudes ante as aprendizaxes...

Obxectivos do programa

Obxectivos xerais

- *Estimular o interese e a motivación de face á práctica motriz como un hábito de vida saudable, favorecedora de relacións interpersoais, así como do gozar do tempo libre.*
- *Coñecer e valorar os efectos que ten a práctica habitual e sistemática de actividade física no desenvolvemento persoal, e que favorezan a súa independencia e autonomía, evitando o seu illamento e inactividade.*

Obxectivo específicos

a. Físico Motrices

- *Desenvolvemento e mantemento das capacidades*
- *Condicionais: Resistencia de base, forza, mobilidade, articular e elasticidade muscular.*
- *Coordinativas: Ritmo, fluidez, precisión e amplitude de determinados movementos.*
- *Desenvolvemento e mantemento das principais capacidades perceptivo- motrices*
- *Percepción exteroceptiva (visual, auditiva e táctil).*
- *Cinestesia: Equilibracións, lateralidade, orientación espacial, orientación espazo-temporal.*
- *Prevenición das doenzas dexenerativas e de hábitos de conduta para aumentar o nivel e a calidade de vida: Minorar as dores crónicas osteoarticulares, incrementar a capacidade ventilatoria sen provocar tensión cardiovascular entre outras.*

b. Recreativos

- *Facer de cada unha das sesións unha actividade lúdica e de divertimento.*
- *Procurar que as persoas participantes esquezan as tensións cotiás, nun marco non habitual e con actividades distintas ás normais.*

c. Socio- Afectivos

- *Potenciar a convivencia e a relación social positiva.*
- *Coñecer, valorar e mellorar a dispoñibilidade corporal en función da autoestima e aceptación do proceso de envellecemento.*
- *Aumentar a concentración e a memoria.*

- *Saber relacionarse a través dos xogos e os deportes, de forma lúdica e como práctica social, non como un concepto de rivalidade, nin en termos de éxito ou fracaso.*
- *Adaptarse ás novas estruturas da sociedade actual.*

O cachibol, é unha actividade física cunha estrutura similar á do voleibol, pero coas adaptacións suficientes e necesarias que permiten a persoas maiores participar coas características propias deste colectivo.

A Agrupación Deportiva Xogara desenvolveu o seu proxecto de actividade físico-deportiva ó longo do ano 2015 en distintas zonas da cidade de Vigo (San Andrés de Comesaña, Coruxo, Travesía de Vigo, Lavadores, Valadares, Teis e Calvario). Estes sete grupos de actividade desenvolven a actividade nunha sesión semanal en espazos vinculados a asociacións, centros educativos e instalacións deportivas municipais. Esta actividade semanal se complementa co desenvolvemento de partidos os sábados pola mañá, co obxectivo básico de incrementar a participación interactiva entre as persoas dos diferentes grupos, fomentar a socialización e motivar ás persoas participantes.

A Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade da cidade que dinamiza un programa de cachibol na cidade de Vigo, polo que o Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción da actividade física entre as persoas maiores na cidade de Vigo. Polo cal propónse a adxudicación dunha subvención a favor da Agrupación Deportiva Xogara ao obxecto de colaborar na financiación dos gastos xerados pola dinamización de dito programa.

As actuacións desta adxudicación de subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concurren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á entidade Agrupación Deportiva Xogara co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- *Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*
- *Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.*
- *Promocionar o deporte-saúde na cidade de Vigo orientado a colectivos especiais.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións

da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.

A Agrupación Deportiva Xogara non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13983/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Agrupación Deportiva Xogara, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto de cachibol para persoas maiores na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade. A subvención que regula o convenio proposto non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que a Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade da cidade na actividade de referencia.

O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados á propia actividade desta agrupación e en particular o desenvolvemento do programa de Cachibol para persoas maiores no ano 2015.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Agrupación Deportiva Xogara presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades realizadas e o destino da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Agrupación Deportiva Xogara das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobou o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención, e co presente Informe-Proposta queda xustificado o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.*
- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
- En xeral os documentos xustificativos correspóndense con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Agrupación Deportiva Xogara, co CIF: G-36655033, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar na dinamización dun programa de Actividade físico-deportiva para persoas maiore a través do Cachibol na cidade de Vigo no ano 2015.*

SEGUNDA: *Autorizar o gasto polo importe de 6.000,00 € a favor da Agrupación Deportiva Xogara, co CIF: G-36655033, con enderezo social na Rúa Padre Celso, 6, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención en base ó convenio para o*

desenvolvemento e dinamización dun programa de Actividade físico-deportiva orientada a persoas maiores a través do Cachibol na cidade de Vigo no ano 2015.

TERCEIRO: *Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(570).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 388/2015 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS NECESARIOS PARA A SÚA EXECUCIÓN. EXPTE. 7614/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da letrada-titular da Asesoría Xurídica do 08/05/2015, dáse conta do informe-proposta do 08/05/2015 da xefa do Servizo de Contratación conformado polo interventor xeral municipal e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

"1º Aprobar o gasto (...)

2º Aprobar o expediente de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo que contén o Pliego de Prescripciones Técnicas particulares de data 01/09/2014 e o Pliego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- En data 15 de setembro de 2014 anúnciase a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- En datas 30 de setembro de 2014 publícanse os anuncios relativos á licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia, abríndose o prazo de presentación de ofertas.

Cuarto.- En data 3 de novembro de 2014, D. José María Hernández de Andrés, en nome e representación da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES E XARDÍNS, interpón recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo e os anuncios de licitación deste procedemento.

Quinto.-En data 14 de novembro de 2014, xa interposto o recurso citado, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Deixar sen efecto o prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo.

2º.-Aprobar o Pliego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por procedemento aberto anexo ao presente informe ao que se incorpora no apartado 15.A de a Folla de especificaciones do contrato (FEC) o inciso de que “Só poderán subcontratarse medios materiais.

3º.- Achegar como anexo IV ao citado pliego, a lista de traballadores que actualmente prestan o servizo de conservación e reposición de zonas verdes presentada polas empresas CESPAS, S.A., e CESPAS JARDINERÍA, S.L., no Rexistro Xeneral deste Concello en data 11 de novembro de 2014.

4º.- Publicar o novo PCAP no perfil do contratante do Concello de Vigo, e anunciar no perfil, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a apertura dun novo prazo de presentación de ofertas.

5º.- Comunicar o presente acordo o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales”.

Este acordo foi notificado ao TACRC en data 24 de novembro de 2014.

Sexto.- En data 9 de xaneiro de 2015, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, en resolución 20/2015 acorda:

“Primero. Estimar parcialmente el recurso interpuesto por D. J. M. H. A., actuando en nombre y representación de la ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE EMPRESAS DE PARQUES Y JARDINES (ASEJA), contra el PCAP que ha de regir el contrato de servicios denominado “SERVICIOS DE MANTENIMIENTO, CONSERVACIÓN Y REPOSICIÓN DE LAS ZONAS VERDES EN LA CIUDAD DE VIGO”, declarando que la Cláusula 31. Revisión del Precios. Anexo I, apartado 3.j).d, no es ajustada a Derecho, debiendo ser eliminada y/o modificada.

La cláusula 27: Personal del contratista, y particularmente el apartado 4, en relación con el Anexo III es ajustada a Derecho. Y la cláusula 17.3 del Anexo I: Otros aspectos del Contrato. BOLSA DE HORAS, declaramos su legalidad de acuerdo con el fundamento de derecho séptimo de esta resolución.

Y ordenando, consecuentemente, la retroacción del procedimiento de licitación al momento de aprobación del citado PCAP con nueva redacción de la cláusula controvertida, publicándose la modificación y abriendo nuevo plazo para presentación de ofertas a los posibles interesados (...).”.

Sétimo.- En data 2 de febreiro de 2015, a Xunta de Goberno Local co fin de adaptar o PCAP á resolución do TACR adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar as modificación dos apartados que se citan a continuación da Folla de Especificacións do Contrato (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por procedemento aberto:

1º.1) 3.J) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS:

Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe.

Se aplicará o seguinte sistema de revisión:

- So será obxecto de revisión de prezos a porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato. O resto dos conceptos que compoñan esta estrutura de custes non se revisarán.*
- Os prezos se revisarán sempre e cando se modifiquen as táboas salariais establecidas no convenio colectivo estatal do sector.*
- A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio de aplicación.*
- O licitador deberá solicitar a revisión de prezos por escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello e acreditar documentalmente a variación experimentada polo convenio colectivo de aplicación.*
- A revisión de prezos se efectuará nos termos e prazos previstos no capítulo II do Título III do Libro Primeiro do TRLCSP.*

1º.2) O apartado 1.D.3 da FEC queda redactado así:

3.- BOLSA DE HORAS

O adxudicatario comprométese a poñer a disposición do Departamento de Montes, Parques e Xardíns, un total de 3.900 horas anuais de traballo do seu persoal sen custe e sen que ilo supoña unha mingua nas prestacións obxecto deste contrato.

Esta bolsa de horas será utilizada a criterio do servizo de Montes, Parques e Xardíns en calquera punto da cidade en zonas verdes no incluídas no ámbito do contrato, pero da mesma tipoloxía que as definidas no mesmo e das que o seu mantemento é competencia do servizo xestor, sen que sexa necesario que se trate de zonas verdes incluídas no ámbito deste contrato definido no artigo 3 do PPT.

O Concello deberá avisar á empresa da necesidade de dispor de horas con cargo a esta bolsa con 48 horas de antelación.

1º.3) O apartado 1 da FEC queda redactado do seguinte xeito:

1. DATOS DO EXPEDIENTE

- A) NUMERO DE EXPEDIENTE: 7614-446*
- B) SERVIZO XESTOR: Montes, parques e xardíns*
- C) RESPONSABLE DO CONTRATO: xefe do servizo de Montes, parques e xardíns*

- D) UNIDADE TRAMITADORA: GE0000625 PARQUES E XARDINS
- E) OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONOMICOS / INTERVENCIÓN
- F) ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO
- G) TRAMITACION: ordinaria
- H) TRATASE DUN CONTRATO DE REGULACION ARMONIZADA: non
- I) TRATASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN: si

1º.4) O apartado 12 queda redactado do seguinte xeito:

12. RÉXIME DE PAGAMENTO

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será a cantidade anual dividida por 12 mensualidades.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os identificados nos apartados D), E) e F) do apartado primeiro das FEC.

Se inclúe o PCAP coa nova redacción como Anexo ó presente informe.

2º.- Abrir a licitación do citado procedemento na forma legalmente prevista.

3º.- Comunicar o presente acordo o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais”.

Oitavo.- En data 6 de febreiro de 2015, publícanse os anuncios de licitación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia, así como no perfil do contratante do Concello de Vigo, finalizando o prazo de presentación de ofertas en data 22 de febreiro de 2015.

Noveno.- En data 18 de febreiro de 2015, D. José María Hernández de Andrés, en nome e representación da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES E XARDÍNS, interpón recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo.

Décimo.- En data 5 de maio de 2015, recíbese a Resolución nº 388/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC) recaída no recurso 282/2015, na que se acorda estimar o recurso interposto por ASEJA.

Undécimo.- En data 6 de maio de 2015, requírese ás empresas que prestan actualmente o servizo, que remitan un listado do persoal que presta actualmente o servizo a efectos de facilitar esta información ós licitadores en cumprimento do artigo 120 TRLCSP.

Duodécimo.- En data 8 de maio de 2015, D. Marcos Regueiro Méndez, en nome e representación de CESPJA JARDINERÍA, S.L., e CESPJA, S.A., achega un novo listado do citado persoal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Resolución nº 388/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC) recaída no recurso 282/2015, acorda “Estimar el recurso interpuesto por D. José María Hernández de Andrés, en nombre y representación de la ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES Y JARDINES, contra el pliego de cláusulas administrativas particulares, Anexos III y IV que han de regir el contrato de servicios denominado “Servicio de conservación y reposición de las zonas verdes en la ciudad de Vigo” expediente 7614/446, convocado por el Ayuntamiento de Vigo (Pontevedra), anulando los citados Anexos, por su disconformidad a derecho y ordenando la retroacción de actuaciones al momento en que el Ayuntamiento apruebe el Anexo definitivo en el que conste el personal en el que se ha de subrogar el nuevo adjudicatario, con publicación del Pliego modificado y nueva apertura del plazo para presentación de ofertas por los interesados y la continuación de la tramitación ordinaria del expediente de contratación”.

As resolucións ditadas polos órganos competentes para a resolución dos recursos especiais en materia de contratación, son directamente executivas (artigo 49 do TRLCSP).

Contra a resolución so caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

No entanto, no caso que nos ocupa, a xuízo da informante, non parece convínente ó interese público a interposición dun recurso contencioso-administrativo, pois a resolución se limita a anular os dous anexos de persoal existentes, ordenando as actuacións necesarias para a aprobación dun novo. A impugnación demoraría a licitación do procedemento deixando o servizo sen cobertura contractual, sen que haxa causa que o xustifique, pois o motivo da anulación é que a existencia de dous anexos de persoal provoca confusión ós posibles licitadores. Parece máis doado e rápido solicitar as empresas que prestan actualmente o servizo, un novo listado do persoal contratado para esta prestación, a efectos de facilitar a información prevista no artigo 120 do TRLCSP, e continuar coa licitación. En consecuencia, procede a execución do resolución.

Para a execución da mesma é preciso retrotraer o expediente ó momento da aprobación do Anexo de persoal, incorporando un novo é único anexo de persoal. O fundamento de dereito quinto establece que “Debe por tanto, a Administración contratante, en relación directa con el actual adjudicatario, recabar del mismo la información precisa del número total de trabajadores que han de ser objeto de subrogación, y aprobar otro Anexo nuevo y definitivo que contenga los trabajadores afectados por la subrogación”. En orde o cumprimento da disposición, requíruselle á empresas que actualmente prestan os servizos que engloba a presente contratación a achega de novos listados do persoal que consonte a lexislación laboral puidera ter dereito a subrogación.

Presentada esta documentación, procede aprobar un novo anexo de persoal, identificado como Anexo III, a publicación do mesmo no perfil do contratante e a apertura de novo da licitación, así como notificar esta circunstancia os actuais licitadores, e devolverlles as ofertas presentadas.

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Quedar enterada da Resolución nº 388/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC) recaída no recurso 282/2015, na que se acorda “Estimar el recurso interpuesto por D. José María Hernández de Andrés, en nombre y representación de la ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES Y JARDINES, contra el pliego de cláusulas administrativas particulares, Anexos III y IV que han de regir el contrato de servicios denominado “Servicio de conservación y reposición de las zonas verdes en la ciudad de Vigo” expediente 7614/446, convocado por el Ayuntamiento de Vigo (Pontevedra), anulando los citados Anexos, por su disconformidad a derecho y ordenando la retroacción de actuaciones al momento en que el Ayuntamiento apruebe el Anexo definitivo en el que conste el personal en el que se ha de subrogar el nuevo adjudicatario, con publicación del Pliego modificado y nueva apertura del plazo para presentación de ofertas por los interesados y la continuación de la tramitación ordinaria del expediente de contratación” e proceder a adopción dos acordos necesarios para a execución da mesma, por non resultar convínite o interese público a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polas razóns expostas no fundamento xurídico primeiro.

2º.- Incorporar ó expediente 7614-446, o Anexo III coa información achegada en data 8 de maio de 2015 polas actuais empresas contratistas do servizo, e que se axunta o final do presente informe.

3º.- Abrir a licitación do citado procedemento na forma legalmente prevista.

4º.- Notificar os licitadores no presente procedemento a retroacción do mesmo ó momento da aprobación do anexo de persoal, a apertura de novo da licitación e devolverlles as ofertas presentadas.

5º.- Comunicar o presente acordo o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais”.

Listado de personal a subrogar del Contrato de Conservación y Reposición de Zonas Verdes, a efectos de la tramitación del expediente 7614/446


Notas aclaratorias

(*) El Salario Bruto Anual es el real correspondiente al año 2014 excluidos gastos de seguridad social. Convenio de empresa de aplicación de Cespa Vigo - Jardines publicado en el BOP nº188 de la provincia de Pontevedra de 30/09/2014.

Nº	Categoría	Tipo contrato	Antigüedad	Salario Bruto Anual año 2014* (sin incluir seg. Social)
1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	401	22/01/2009	24.175,39 €
2	AUXILIAR JARDINERO/A	189	03/12/2006	24.482,46 €
3	AUXILIAR JARDINERO/A	189	21/10/2009	24.590,50 €
4	AUXILIAR JARDINERO/A	402	12/02/2011	16.661,00 €
5	AUXILIAR JARDINERO/A	100	24/03/2011	24.818,91 €
6	AUXILIAR JARDINERO/A	189	18/04/2011	24.027,40 €
7	AUXILIAR JARDINERO/A	189	18/04/2011	23.887,92 €
8	AUXILIAR JARDINERO/A	189	27/04/2011	23.977,85 €
9	AUXILIAR JARDINERO/A	289	18/06/2011	13.315,85 €
10	AUXILIAR JARDINERO/A	189	16/09/2011	23.649,84 €
11	AUXILIAR JARDINERO/A	189	02/04/2012	23.587,63 €
12	ENCARGADO/A	100	04/07/1988	32.871,76 €
13	JARDINERO/A	100	01/04/1986	29.512,29 €
14	JARDINERO/A	100	01/04/1986	29.625,43 €
15	JARDINERO/A	100	01/04/1986	28.975,63 €
16	JARDINERO/A	100	01/10/1987	28.649,38 €
17	JARDINERO/A	100	01/10/1988	29.012,37 €
18	JARDINERO/A	100	01/10/1988	29.119,09 €
19	JARDINERO/A	100	01/10/1988	28.974,57 €
20	JARDINERO/A	100	01/03/1989	28.730,52 €
21	JARDINERO/A	100	01/01/1991	27.631,61 €
22	JARDINERO/A	100	02/01/1991	29.210,77 €
23	JARDINERO/A	100	08/11/1993	27.258,35 €
24	JARDINERO/A	100	01/06/1994	27.287,59 €
25	JARDINERO/A	100	19/12/1995	26.288,76 €
26	JARDINERO/A	100	11/09/1996	26.810,01 €
27	JARDINERO/A	100	11/09/1996	27.165,61 €
28	JARDINERO/A	100	11/09/1996	26.461,09 €
29	JARDINERO/A	100	11/09/1996	26.427,59 €
30	JARDINERO/A	100	01/10/1996	26.522,88 €
31	JARDINERO/A	100	01/10/1996	26.597,34 €
32	JARDINERO/A	100	01/10/1996	27.359,83 €
33	JARDINERO/A	189	18/05/1998	25.995,86 €
34	JARDINERO/A	100	12/01/1999	26.477,80 €
35	JARDINERO/A	100	14/01/1999	25.622,10 €
36	JARDINERO/A	100	14/01/1999	27.385,32 €
37	JARDINERO/A	100	18/01/1999	26.384,56 €
38	JARDINERO/A	100	18/01/1999	26.870,52 €
39	JARDINERO/A	100	18/01/1999	25.986,24 €
40	JARDINERO/A	100	03/07/1999	26.316,85 €

En Vigo a 8/5/2015

Marcos Requeiro Méndez (Jefe de servicio)



Listado de personal a subrogar del Contrato de Conservación y Reposición de Zonas Verdes, a efectos de la tramitación del expediente 7614/446

Notas aclaratorias

(*) El Salario Bruto Anual es el real correspondiente al año 2014 excluidos gastos de seguridad social. Convenio de empresa de aplicación de Cespa Vigo - Jardines publicado en el BOP nº188 de la provincia de Pontevedra de 30/09/2014.

Nº	Categoría	Tipo contrato	Antigüedad	Salario Bruto Anual año 2014* (sin incluir seg. Social)
41	JARDINERO/A	100	13/07/1999	26.381,61 €
42	JARDINERO/A	100	08/11/1999	25.957,77 €
43	JARDINERO/A	100	28/06/2000	26.075,72 €
44	JARDINERO/A	100	19/10/2000	26.189,75 €
45	JARDINERO/A	189	23/05/2002	25.231,26 €
46	JARDINERO/A	189	24/07/2002	25.379,10 €
47	JARDINERO/A	189	09/10/2002	25.595,11 €
48	JARDINERO/A	189	05/11/2002	25.490,37 €
49	JARDINERO/A	100	14/04/2003	25.981,52 €
50	JARDINERO/A	100	02/05/2003	25.223,57 €
51	JARDINERO/A	100	01/07/2003	25.651,40 €
52	JARDINERO/A	100	25/01/2005	24.511,56 €
53	JARDINERO/A	100	23/06/2005	25.323,51 €
54	JARDINERO/A	189	11/07/2005	24.330,20 €
55	JARDINERO/A	100	26/10/2005	24.496,71 €
56	JARDINERO/A	100	20/05/2006	25.225,77 €
57	JARDINERO/A	100	08/06/2006	11.298,21 €
58	JARDINERO/A	189	19/06/2006	26.373,36 €
59	JARDINERO/A	100	20/11/2006	25.206,17 €
60	JARDINERO/A	189	27/10/2007	25.391,38 €
61	MECÁNICO/A	100	13/05/1998	26.489,84 €
62	OFICIAL JARDINERO/A	100	11/04/1988	32.109,07 €
63	OFICIAL JARDINERO/A	100	11/04/1988	30.371,67 €
64	OFICIAL JARDINERO/A	100	01/10/1988	29.027,88 €
65	OFICIAL JARDINERO/A	100	18/04/1994	28.858,60 €
66	OFICIAL JARDINERO/A	189	11/10/2007	26.333,76 €
67	OFICIAL JARDINERO/A	401	07/03/2011	25.744,96 €
68	OFICIAL/A ADMINISTRATIVO/A	100	08/05/1986	33.228,58 €
69	OFICIAL/A ADMINISTRATIVO/A	100	16/01/1989	32.097,81 €
70	OFICIAL/A CONDUCTOR/A	100	03/05/1986	31.365,88 €
71	OFICIAL/A CONDUCTOR/A	100	18/04/1994	28.614,09 €
72	OFICIAL/A CONDUCTOR/A	100	12/01/1999	27.894,49 €
73	OFICIOS VARIOS	100	08/09/1999	26.208,24 €
74	OFICIOS VARIOS	189	05/11/2002	25.565,55 €
75	OFICIOS VARIOS 2	100	06/05/1991	29.223,19 €
76	OFICIOS VARIOS 2	100	04/12/2000	28.831,34 €
77	PEON	410	01/09/2014	23.045,34 €
78	PEON	410	16/07/2014	22.971,11 €
79	PEON	410	02/07/2014	19.542,60 €
80	PEON	410	08/07/2013	22.535,34 €

En Vigo a 8/5/2015

Miguel Pequeiro Méndez (Jefe de Servicio)

Listado de personal a subrogar del Contrato de Conservación y Reposición de Zonas Verdes, a efectos de la tramitación del expediente 7614/446

Notas aclaratorias
 (**) El Salario Bruto Anual es el real correspondiente al año 2014 excluidos gastos de seguridad social. Convenio de empresa de aplicación de Cespa Vigo - Jardines publicado en el BOP nº188 de la provincia de Pontevedra de 30/09/2014.

Nº	Categoría	Tipo contrato	Antigüedad	Salario Bruto Anual año 2014* (sin incluir seg. Social)
81	PEON	410	02/05/2014	23.385,75 €
82	PEON	402	18/10/2013	19.499,07 €
83	PEON	189	07/05/2014	21.702,71 €
84	PEON	502	02/07/2014	11.131,32 €
85	PEON	502	07/07/2014	10.871,64 €
86	PEON	410	01/08/2014	22.963,78 €
87	PEON	410	04/05/2015	11.879,58 €
88	TECNICO TITULADO	401	14/02/2013	28.192,98 €
89	TECNICO TITULADO	402	15/09/2014	28.123,25 €
90	TECNICO/A DIPLOMADO/A	100	02/05/2003	34.809,88 €
91	TECNICO/A DIPLOMADO/A	100	01/12/2003	33.550,72 €
92	TECNICO/A DIPLOMADO/A	100	19/07/2004	39.256,70 €
93	TECNICO/A NO TITULADO/A	100	15/05/1989	33.344,08 €

En Vigo a 8/5/2015


 Marcos Roqueiro Mondet
 (Jefe de servicio)



Listado de personal a subrogar del Contrato de Parques Forestales, a efectos de la tramitación del expediente 7614/446

Notas aclaratorias
 (**) El Salario Bruto Anual es el real correspondiente al año 2014 excluidos gastos de seguridad social. Convenio de aplicación Convenio Estatal de Jardinería, publicado en el BOE de 20/07/2013.

Nº	Categoría	Tipo contrato	Antigüedad	Salario Bruto Anual año 2014* (sin incluir seg. Social)
1	ENCARGADO/A	100	01/10/1996	22.092,06 €
2	TECNICO DIPLOMADO	100	02/05/2000	31.711,85 €
3	OFICIAL JARDINERO/A	130	01/11/1997	21.329,38 €
4	OFICIAL JARDINERO/A	130	18/06/1999	21.825,14 €
5	OFICIAL JARDINERO/A	100	10/07/2000	21.063,38 €
6	JARDINERO/A	100	15/05/2001	19.994,59 €
7	JARDINERO/A	100	23/09/2005	20.310,83 €
8	JARDINERO/A	139	01/06/2006	19.469,44 €
9	AUXILIAR JARDINERO/A	100	03/05/2004	18.810,51 €
10	AUXILIAR JARDINERO/A	401	02/04/2012	18.360,51 €
11	PEON	401	18/10/2013	16.535,08 €

En Vigo a 8/5/2015

 Marcos Roqueiro Mondet
 Jefe de servicio



A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente proposta de deta 08/05/2015, da xefa do servizo de Contratación.

5(571).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS URXENTES OU DE EMERXENCIA OFERTADO POLA EMPRESA FERROVIAL S.A. PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO. EXPTE. 8033/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 05/05/15, do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“O técnico que suscribe en cumprimento do artigo 17 das Fec da a súa conformidade o plan de actuacións urxentes ou de emerxencia ofertado pola empresa Ferrovia Servicos S.A para a prestación do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbán.

O plan especificase no punto 4 da oferta presentada pola empresa no proceso de licitación e detallase a continuación.

A vista das anteriores circunstancias, proponse a Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

En cumprimento do artigo 17 das Fec aproba o plan de actuacións urxentes ou de emerxencia ofertado pola empresa Ferrovia Servicos S.A para a prestación do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbán.

O plan especificase no punto 4 da oferta presentada pola empresa no proceso de licitación e detallase a continuación.”

4. PLAN DE ACTUACIONES URGENTES O DE EMERGENCIA

4.1. Protocolo de actuación

Ante cualquier situación de emergencia o que requiera una actuación urgente, es fundamental que exista un sistema ágil de comunicaciones que permita a Ferrovial Servicios tener conocimiento de la misma en el menor tiempo posible.



En el momento en que se inicie el servicio, los teléfonos del Jefe de Servicio y de los operarios de guardia se pondrán a disposición de los Servicios Técnicos Municipales y de los Cuerpos de Seguridad (Policía Local, Bomberos, Protección Civil, brigadas de emergencias, etc.).

Asimismo, las áreas de juego dispondrán del teléfono al que dirigirse en caso de emergencia.

Los teléfonos del Jefe de servicio y de los operarios de guardia estarán disponibles durante las 24 horas del día para poder atender con rapidez las situaciones de emergencia que puedan surgir.

La vía telefónica se considera el sistema más rápido para la recepción de avisos, si bien, el Jefe de Servicio podrá ser contactado por correo electrónico o a través de las redes sociales.

La detección de emergencias podrá provenir de diversas fuentes:

- Avisos del ciudadano
- Servicios Técnicos Municipales
- Policía Local
- Personal propio del servicio

La centralización de las incidencias correrá a cargo del Jefe de Servicio, quien valorará la gravedad de la situación y pondrá en marcha el protocolo de emergencia, declarando para ello una alerta.

4.2. Disposición de efectivos


4.2.1/ Eventualidades producidas durante la jornada laboral

Las incidencias generadas durante la jornada laboral serán atendidas por los equipos que se encuentren en la zona afectada, recibiendo el apoyo de personal de otras brigadas en caso necesario y de otras explotaciones cercanas en caso de que la gravedad de la eventualidad así lo requiera.

4.2.2/ Eventualidades producidas fuera del horario laboral

- **Disposición de efectivos ante eventualidades reales o emergencias**

Las situaciones de emergencia o eventualidades no previsibles que ocurran fuera del horario laboral serán atendidas por la brigada de guardia, que estará compuesta por los siguientes medios:

EQUIPO DE ATENCIÓN A LOS SERVICIOS DE URGENCIA			
Medios humanos		Medios Materiales	
Uds	Categoría	Uds	Descripción
1	Conductor de mantenimiento de juegos	1	Furgoneta caja cerrada
		1	Generador insonorizado
		1	Motosoldadora
		1	Radial
		1	Taladro
		Herramientas de mano	
		DISPONIBILIDAD: Total fuera del horario de trabajo habitual	
DISPONIBILIDAD DE MEDIOS MATERIALES: Todos los medios a su disposición según necesidad			

- **Disposición mínima de efectivos ante eventualidades previsibles**

Si se produjesen situaciones en las que el riesgo de emergencia pueda ser previsto con antelación, como pueden ser las ocasionadas por inclemencias meteorológicas, (vientos extremadamente fuertes, grandes tormentas, inundaciones, etc.), Ferrovial Servicios mantendrá a toda la plantilla en situación de alerta o retén, de manera que, llegado el caso, puedan ser localizados y personarse en el lugar de actuación.

Todos los medios materiales se encontrarán preparados para ser usados sin demora. Los vehículos y maquinaria habrán sido revisados y puestos a punto y dispondrán de combustible.

En esos casos, Ferrovial Servicios actuará tanto en su ámbito de actuación como en coordinación con los servicios de jardinería, limpieza viaria o en colaboración con los medios destinados por el Concello para atender la situación de emergencia.

Asimismo, si fuese necesario, Ferrovial Servicios pondrá a disposición del Concello los medios propios con los que cuenta en otros municipios cercanos.

4.3. Plazo máximo de respuesta

El tiempo de respuesta ante una eventualidad no superará los 30 minutos desde el momento en que Ferrovial Servicios reciba la notificación.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(572).- NOMEAMENTO INTERINO DUN ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS, PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA TEMPORAL “SEGUIMIENTO DO CONTRATO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO” CUNHA DURACIÓN MÁXIMA DE 3 ANOS. EXPTE. 26601/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 08/05/15, dáse conta do informe-proposta do 07/05/15, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

“O Xefe da Área de Fomento, en escrito de 16/04/2015, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área, solicita a posta en marcha dun expediente administrativo que permita a adscripción a referida área dun/dunha funcionario/a interino/a enxeñeiro de camiños, canais e portos, para levar a cabo a coordinación, tramitación das actuacións, comprobación e certificación, supervisión de proxectos, dirección facultativa, e supervisión das actuacións a seguir, etc, na execución do programa de carácter temporal “Seguimento do contrato de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestructuras viarias do Concello de Vigo adxudicado a Empresa Civisglobal”, segundo acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 07/11/14, expte. 71048/250.

No referido escrito que se reproduce a continuación, indicábase o seguinte:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE NECESIDADE DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO DUN ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS PARA O ÁMBITO PROGRAMÁTICO DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANZO DAS INFRAESTRUCTURAS VIAIS DO CONCELLO DE VIGO ADXUDICADO Á EMPRESA CIVISGLOBAL (EXP.: 71048/250)

1º. Antecedentes

A Xunta de Goberno Local de data 07/11/2014 acordou adxudicar á empresa Civisglobal S.L o procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestructuras viarias do Concello de Vigo, por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE incluído) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixado no ANEXO I ao Prego de Prescricións Técnicas Participales. O citado contrato foi formalizado en data 28 de novembro de 2014.

2º. Especificación das Funcións a Realizar polo funcionario nomeado no marco do programa

Entre as diferentes tarefas que tería que realizar no marco do programa de seguimento do contrato de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestructuras viarias do Concello de Vigo o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos nomeado estarían entre outras as seguintes:

- Redacción dun procedemento común de tramitación para tódalas actuacións a levar a cabo dentro do Contrato.*

- *Comprobación e certificación da viabilidade dos servizos de mantemento e conservación así como das obras propostas no marco do Contrato, analizando as actuacións plantexadas e o cumprimento da legalidade vixente a conveniencia das actuacións desde o punto de vista das afeccións aos usuarios do ámbito, tendo en conta así mesmo criterios e orientacións de carácter técnico para a inclusión nos proxectos.*
- *Control da uniformidade técnica de tales servizos e proxectos (criterios de dimensionamento, materiais de construcións, acabados, prezos...), así como a estruturación dos mesmos de modo que se facilite o control e seguimento por parte dos diferentes departamentos do Concello con competencia sobre as actuacións plantexadas.*
- *Coordinación coa adxudicataria no momento de redacción dos documentos técnicos, co obxecto de entrega en tempo e forma da documentación que compón os proxectos e memorias valoradas.*
- *Supervisión dos proxectos e memorias valoradas, onde se verifique as disposicións xerais de carácter legal ou reglamentario, así como a normativa técnica, que resulten de aplicación para cada tipo de actuación e que os prezos dos materiais e das unidades de obra son os recollidos no cadro de prezos.*
- *Elaboración dos prezos unitarios contradictorios non previstos no cadro de prezos.*
- *Exercer a función de Diréctor Facultativo das diferentes actuacións encargadas cando sexa necesario.*
- *Coordinación para a supervisión, replanteo e implantación inicial dos criterios dos proxectos nas obras, así como a tramitación de control arqueolóxico, protocolo de gretas ou calquera outro procedemento que sexa necesario antes do comezo das obras.*
- *Control e seguimento da documentación e tramitacións legais necesarias no comezo das obras: aprobación plan de seguridade e saúde ou avaliación de riscos, aprobación plan de xestión de residuos, xestión ambiental, presenza en obra dos libros de subcontratación, órdenes e incidencias, nomeamento recursos preventivos... etc.*
- *Estruturación e planificación das actuacións e reunións de estas de modo que se facilite o control e seguimento por parte dos diferentes departamentos do Concello con competencia sobre as actuacións plantexadas.*
- *Supervisión sobre a correcta execución das actuacións encargadas á adxudicataria.*
- *Supervisión sobre o control de calidade das actuacións encargadas á adxudicataria.*
- *Supervisión sobre a correcta disposición dos medios materiais e humanos do contrato.*
- *Control e seguimento da coordinación de seguridade e saúde (sinalización, balizamento, elementos de protección...) nas obras e servizos e o cumprimento das obrigas que como promotor corresponden en materia de xestión de residuos.*
- *Control e seguimento do cumprimento de medidas de carácter medioambiental durante a execución do servizo ou obra, no relativo á minimización do consumo de auga, recursos naturais e xeración de residuos perigosos, minimización dos ruidos e vibracións e reciclado.*

- *Coordinación, control da calidade na execución de cada unha das unidades de obra e uniformidade técnica das diferentes actuacións.*
- *Control e supervisión da redacción dos modificados de obra, si procede, revisando os prezos contradictorios, planos e o cumprimento das disposicións legais que resulten de aplicación en cada caso.*
- *Seguemento dos Plans de Obra e control do cumprimento dos prazos parciais de estas, de modo que se cumpra o prazo de execución legal en cada unha das actuacións.*
- *Control dos servizos e obras realizados, rexeitando os de defectuosa execución, e procedendo á medición dos que se entenda rematados e correctamente executados.*
- *Revisión mensual das certificacións emitidas no caso de prestacións cualificadas como servizos e obras.*
- *Realización da revisión de prezos cando proceda.*
- *Revisión da entrega en tempo e forma dos planos as built, os documentos finais de obra, supervisión dos mesmos e recepción das diferentes actuacións.*
- *Supervisión e validación da documentación presentada polo contratista como documento final de obra ou servizo.*
- *Supervisión dos datos que semanalmente está obrigada a prestar a adxudicataria, das ordes de traballo executadas na semana anterior e a programación prevista dos traballos a executar a seguinte.*
- *Cumprimento das instrucións e aplicación do programa informático de seguemento e control dos traballos realizados.*

3º. Dependencia Orgánica

A dependencia orgánica do funcionario con Praza e Posto de Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos (Administración Especial) será no marco do citado programa no Servizo de Vías e Obras, Área de Fomento, Concellería de Fomento.

4º. Xustificación da Necesidade excepcional e Urxente do Nomeamento

O citado contrato adxudicado polo Concello de Vigo á empresa Civisglobal S.A supón a prestación por parte da segunda dos servizos de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestructuras viais do termo municipal mediante a realización de unha ou varias das tarefas descritas no Anexo I do prego de prescripcións técnicas, así como as obras complementarias necesarias. O referido ámbito estenderase tamén a calquera outro espazo público apto para a circulación de vehículos ou persoas e ás actuacións sobre calquera elemento que sustente ás anteriores infraestructuras.

En data 28 de agosto de 2014 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL), Lei 5/2014, do 27 de maio e Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, onde se contemplan os servizos prioritarios a

efectos de selección e a incorporación de efectivos de carácter temporal. Así defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo o obxecto do contrato de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestructuras viarias.

O importe do citado contrato desglosado en anualidades ascende a un importe de :

- 2014: 533.333,34€
- 2015: 1.600.000€
- 2016: 1.600.000€
- 2017: 1.600.000€
- 2018: 1.066.666,66€

A situación de déficit actual de persoal técnico coa especialización requirida na Área de Fomento (na data desta solicitude conta con tan só unha praza de Enxeñeiro de Caminos, Canales e Portos ocupada, e coa data de xubilación próxima do funcionario que a ocupa, é claramente insuficiente para o servizo, a esto se engade que existe outra praza da mesma categoría que se atopa vacante), a xestión na Área de Servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo como a Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, o abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, etc., fai imprescindible, urxente e inaprazable a incorporación dun Enxeñeiro de Caminos, Canales e Portos para o seguimento da execución do contrato dos servizos de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestructuras viarias do termo municipal, máxime a partir do ano 2015 onde as actuacións a realizar alcanza as súas maiores cantidades.

As actuacións entre as que se inclúen tanto traballos programables, non programables como execucións subsidiarias que están previsto realizarse con cargo ao ano 2015 ascenden a un importe de 1.600.000 euros. Adxúntase anexo con cadro de actuacións pendentes de execución.

Trátase por tanto dun programa de carácter temporal -que abarca o tempo de duración do contrato de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestructuras viarias do Concello de Vigo (ata un máximo do 1 de decembro de 2018)-, con sustantividade propia e diferenciada respecto do mantemento permanente no tempo e ordinario realizado polo taller de vías e obras.

5º. Procedemento para o nomeamento. Solicitude.

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do que se solicita o nomeamento como funcionario interino sería de acordo ao disposto no artigo 10.1.c "execución de programas de carácter temporal" da Lei 7/2007, de 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, desempeñando as funcións propias dun funcionario de carreira desta categoría no ámbito programático do contrato de servizo de ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO ADXUDICADO Á EMPRESA CIVISGLOBAL. O prazo máximo de nomeamento sería o fin de remate do citado contrato -1 decembro de 2018-".

Así mesmo, en data 04/05/2015, remitiuse a éste Servizo de Recursos Humanos escrito do responsable da Área de Fomento contendo ampliación da memoria xustificativa anterior:

"En relación coa natureza, alcance e contido do Programa do que se solicita aprobación, "Seguimento do Contrato de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestructuras viarias do Concello de Vigo", indicar que o contido do mesmo reviste un carácter excepcional e con sustantividade propia e independente do mantemento ordinario.

O citado mantemento ordinario ven sendo realizado tanto por medios externos a través das contratacións realizadas con cargo a diferentes partidas -adxuntase tabla-, como a través de medios propios, persoal propio do servizo -taller de vías e obras- cunhas custes anuais entre persoal e gasto corrente (maquinaria, etc) de en torno a **2,5 millóns de euros**.

Tabla: Partidas mantemento ordinario (medios externos)	
1532.2100000- Conservación de vías e espacios públicos	1.900.000,00 €
1532.2100005- Mantemento viario no rural	552.000,00 €
1532.2270600 – Redacción de Proxectos técnicos	80.000,00 €
1532.2270602 – Asistencias de traballos técnicos	12.000,00 €
1532.2270603 – Estudos de Seguridade e Saúde e Dirección	40.000,00 €
Total mantemento ordinario medios externos	2.584.000,00 €

A realización do programa para o que se solicita a aprobación conta cun orzamento no ano 2015 de 1.600.000 euros -cantidade moi inferior aos custes do mantemento ordinario- que entre medios externos e propios supera os **5 millóns de euros** anuais.

Partida programa	
1532.2100001- Contrato de mantemento de vias e espacios públicos	1.600.000,00 €

Trátase dun plan de choque extraordinario e con sustantividade propia que por parte do goberno municipal, á vista da óptima situación orzamentaria do Concello, se acometeu para un incremento excepcional e puntual con duración determinada no tempo do arranxo das infraestructuras viarias -do que se adxuntou as obras programadas, etc- na memoria de data 21 de abril de 2015-, tendo por tanto un carácter temporal e non sostido no tempo.

Como conclusión sinalar que cumpre por tanto os requisitos esixidos polo artigo 10.1.c da Lei 7/2007 de 12 de abril contando cun carácter temporal das tarefas a realizar no marco do mesmo non sostidas no tempo así como coa condición de extraordinario e con sustantividade propia respecto do mantemento ordinario”.

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 06/05/2015, prestou conformidade á referida proposta, dispoñendo á tramitación do correspondente expediente administrativo, que permita o nomeamento de funcionario interino nos termos do disposto no artigo 10.1, apartado c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, modificado pola Lei 15/2014, de 15 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras de medidas de reforma administrativa (LRSP), para a execución do programa de carácter temporal “Seguimento do contrato de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestructuras viarias do Concello de Vigo, cunha duración máxima de tres anos”.

Na derradeira Oferta de Emprego Público executada no Concello de Vigo non existía praza algunha de enxeñeiro de camiños susceptible de xenerar listados de reserva de aspirantes, polo que foi necesario artellar un proceso selectivo que permitise os nomeamentos previstos no artigo 10.1 do EBEP, concretándose no expediente 21762/220 (bases de selección e posterior proposta de nomeamento por acumulación de tarefas (art.10.1.d) do EBEP) do único aspirante D. Jerónimo Centrón Castaños, DNI 36.100.978-V que superou as probas selectivas de que constou dita oposición).

Fundamentos xurídicos

I.- Consonte ao artigo 10, apartado 1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, son funcionarios/as interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dé algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **a execución de programas de carácter temporal**, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). A selección de funcionarios interinos haberá de realizarse mediante procedementos áxiles, que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo existente ou análogo. Dito nomeamento será revocado, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da referida Lei, na data de finalización do programa que motiva o nomeamento, cun máximo de tres anos de conformidade co disposto no artigo 10.1, apartado c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, modificado pola Lei 15/2014, de 15 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras de medidas de reforma administrativa (LRSP) ou ben, no suposto no cal o programa deixe de ser prestado, momento no cal será deixado sen efecto o nomeamento citado por medio do correspondente acto administrativo. Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

II.- Os/as candidatos seleccionados deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado, neste caso as do posto cód. 309-Técnico/a Superior Administración Especial.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamento proposto en réxime de interinidade por execución de programa temporal, xa que o único candidato que superou os exercicios da correspondente oposición da derradeira selección levada a cabo no último proceso selectivo para nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do EBEP, expediente 21762/220, foi D. Jerónimo Centrón Castañón, DNI 36.100.978-V.

III.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

Así mesmo, por acordo do mesmo Órgano de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopan prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificados polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

De conformidade co establecido no artigo 3 das “normas reguladoras” que regulan o funcionamento das listas de substitucións e, o acordo da Comisión de Seguimento ao que se refire o parágrafo anterior, foi requerido o único aspirante que figura na referida lista D. Jerónimo Centrón Castaños, DNI 36.100.978-V, aceptando expresamente mediante escrito de data 6 de maio de 2015, optar ao nomeamento proposto, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

*IV.- Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en **casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables** que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais **que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais**, como e o caso.*

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

*Defínense como **servizos e sectores prioritarios** no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

*“O Municipio exercerá **en todo caso, como competencias propias**, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

d) *Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

e) *Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*

h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

j) *Protección da salubridade pública.*

k) *Cemiterios e actividades funerarias.*

l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos **servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:***

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados **aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal**, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución **1/2014, da Intervención Xeral Municipal**, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

No presente suposto, a selección proposta cumpre o requisito legal da necesidade urxente e inaprazable contida no artigo 23.2 da citada norma orzamentaria, toda vez que a prestación deste servizo constitúe unha competencia mínima obrigatoria dos Concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

V.- Segundo o informe técnico emitido no marco da tramitación do presente expediente, o importe do custe de dito nomeamento para acomete-lo gasto proposto durante o que resta de ano 2015 (contabilizado por 8 meses) ascende a un total de 28.143,84€ e imputaríase con cargo a partida 920.0.140.00.00 –outras modalidades de contratación temporal- dada a inexistencia de partida específica prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos, debendo considerarse que para os sucesivos exercicios económicos e ata o remate do programa concreto a realizar (“Seguimento do contrato de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestructuras viarias do Concello de Vigo, cunha duración máxima de tres anos”, deberán preverse no Capítulo I de gastos os importes necesarios para sufragar o custe das retribucións do funcionario interino/ha nomeado, sempre obviamente en tanto o programa que motiva a selección permaneza vixente, nos termos do preceptivo e previo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita.

VI.- Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ao nomeamento como funcionario interino dun enxeñeiro de camiños, canais e portos, dacordo co artigo 10.1.c), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), para a xestión do programa “Seguimento do contrato de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestructuras viarias do Concello de Vigo, cunha duración máxima de tres anos”, xustificada na necesidade de efectivos da Área de Fomento, contida nos escritos de datas 16 de abril e 4 de maio de 2015.

Segundo.- Nomear a D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS, DNI 36.100.978-V, funcionario interino ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, cunha duración máxima de tres anos dende a data do seu nomeamento, dispoñendo a finalización da relación de servizo, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da referida Lei e da data límite establecida anteriormente, no suposto no cal o programa deixe de ser prestado, será deixado sen efecto o nomeamento citado mediante o correspondente acto administrativo, toda vez que o referido aspirante superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de enxeñeiros de camiños (expte. 21762/220), por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do EBEP e, de conformidade co previsto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, modificado pola Lei 15/2014, de 15 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras de medidas de reforma administrativa (LRSP), percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado, neste caso as do posto cód. 309-Técnico/a Superior Administración Especial, sendo adscrito a Área de Fomento (cód. 440).

Terceiro.- Autoriza-lo gasto por importe de 28.143,84€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00- outras modalidades de contratación temporal, para facer fronte ao referido nomeamento.

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral do funcionario nomeado desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

Me/rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.